



10

O espazo humano en Europa, España e Galicia

Octavia Hill.
Traballadora social, mestra e artista

O meu nome é Octavia Hill, nacín en 1838, en Wisbech, Reino Unido, e son traballadora social, mestra e artista.

Mentres traballaba en Londres, decateime das duras condicións en que vivían as persoas que chegaban ás grandes cidades en busca de oportunidades. En xeral, recibían baixos salarios e carecían de recursos. Entón puxen en práctica as miñas ideas para mellorar a situación da xente do meu ámbito. Fundei unha escola para educar sobre hábitos saudables e fomentar a autonomía das persoas. Cara a 1865 creei o Sistema Hill de vivendas, acondicionando edificios londinenses como aloxamento de traballadoras e traballadores. O proxecto tivo gran repercusión, converténdose nun modelo implantado en varios países.

Tras a revolución agraria de mediados do século XVIII, tivo lugar o éxodo rural no que moitas persoas se tras-

ladaron do campo ás cidades en busca de traballo. O aumento de poboación nas zonas urbanas deuse sobre todo en Gran Bretaña debido ao seu temperán desenvolvemento industrial. Medios de transporte, como o ferrocarril e o barco de vapor, favoreceron as migracións europeas.

Para comprender estes contidos, vas coñecer:

- Como se distribúe a poboación nos distintos ámbitos territoriais.
- Como é o movemento natural da poboación e os movementos migratorios en España e en Europa.
- Se o crecemento da poboación europea e española é positivo ou negativo, e como é a súa estrutura.
- Como é a poboación de Galicia.

PREGUNTAS E RESPUESTAS

- 1 Explica que é o éxodo rural. Tras que revolución se produciu?
- 2 Que medios de transporte favoreceron as migracións durante a industrialización europea?

- 3  **Comprobamos.** Resolve as cuestións formuladas en cada un dos apartados da páxina da dereita. Para iso, podes consultar a información contida na unidade.

1 A distribución da poboación europea e española

1.1 A repartición desigual da poboación europea

A poboación europea ascendía en 2021 a 744 millóns de habitantes, un 9,4 % da poboación mundial. A densidade de poboación nesta data era de 70,6 hab/km², valor medio que esconde fortes contrastes rexionais entre focos de concentración e de baleiro demográfico.

As zonas de alta densidade

Son espazos xeográficos que contan cun medio físico favorable e con actividades económicas dinámicas. As principais son:

- A **diagonal europea entre o sueste de Gran Bretaña e o norte de Italia**. Supéranse os 200 hab/km², pois a súa temperá e intensa industrialización provocou o crecemento de cidades e servizos.
- **Zonas de densidades altas e medias**. Son o **litoral mediterráneo**, onde conflúen agricultura intensiva, turismo e algunhas industrias avanzadas; o **litoral atlántico**, polas súas actividades comerciais, portuarias e industriais; e a **chaira centroeuropea** ata Kiev, polas súas actividades industriais. Tamén teñen altas densidades algúns **vales fluviais** onde se desenvolveron a agricultura intensiva, a industria ou o transporte, como os do Po, o Ródano e o Danubio.

As zonas de baixa densidade

Son as zonas cuxas condicións naturais desfavorables limitaron o asentamento e as actividades humanas. Entre elas, encóntranse as **rexións nórdicas e bálticas**, Islandia e Rusia, de clima frío; as **áreas de montaña** onde se unen frío, fortes pendentes e mala accesibilidade; e as **rexións con aridez** considerable, como o interior das tres penínsulas meridionais.


1.2 A poboación española.

Concentración e despoboamento

En España, a poboación sumaba 47,3 millóns de persoas en 2021 e a densidade de poboación era de 93,7 hab/km². De igual xeito que en Europa, en España tamén existen grandes contrastes na distribución da poboación sobre o territorio.

- Os **focos de concentración** da poboación localízanse en Madrid, a periferia peninsular, Baleares, Canarias, Ceuta e Melilla. En **Madrid**, a alta densidade explícase pola súa elección como capital no século XVI; e na **periferia peninsular**, polo seu importante comercio marítimo desde épocas remotas. Estas actividades atraeron poboación do interior peninsular e favoreceron o desenvolvemento da industria e dos servizos. Nas illas **Baleares e Canarias**, a alta densidade débese ao turismo, e en Ceuta e Melilla, á súa reducida superficie.
- Os **focos de despoboamento** localízanse no **interior peninsular**, onde o declive das actividades agrarias tradicionais obrigou a poboación a emigrar cara a outras áreas industriais máis prósperas. Tamén contan con densidades moi baixas as **áreas de montaña**, onde en ocasións non se alcanzan os 10 hab/km².

O censo e o padrón



O **censo de poboación (A)** rexistra a poboación dun país e algunhas das súas características económicas, sociais e culturais nun momento dado. En España, elabórase o Instituto Nacional de Estatística (INE) os anos rematados en 1.

O **padrón municipal (B)** rexistra de forma permanente as variacións de poboación nos municipios.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Utilizar mapas

- 1 Coa axuda dun atlas, cita o nome dunha localidade europea situada nunha área con densidade de poboación moi baixa, baixa, media, alta e moi alta. Que factores interveñen nas diferenzas de densidade?

Buscar información relevante

- 2 Entra na páxina web do Instituto Nacional de Estatística (ine.es) e escribe, ao menos, cinco informacións que proporciona sobre a poboación española. Explica a importancia do labor deste organismo.

Manexar gráficos

- 3 Realiza un gráfico coa densidade de poboación dos países que forman parte da UE. Agrúpaos segundo se encontren por encima ou por debaixo da media.
- 4 Que países representan unha maior porcentaxe da poboación da UE? Que lugar ocupa España?


Consulta os datos estadísticos

DESTREZA

A densidade de poboación en Europa e España



Países	Superficie	Poboación 1 xaneiro 2021	%Poboación da UE 2021	Densidade	Países	Superficie	Poboación 1 xaneiro 2021	%Poboación da UE 2021	Densidade
Unión Europea	4138197	447007596	100	108,0	Grecia	131940	10682547	2,39	81,0
Alemaña	357021	83155031	18,60	232,9	Hungría	93030	9730772	2,18	104,6
Austria	83870	8932664	2,00	106,5	Irlanda	70280	5006907	1,12	71,2
Bélxica	30518	11566041	2,59	379,0	Italia	301230	59257566	13,26	196,7
Bulgaria	110910	6916548	1,55	62,4	Letonia	64589	1893223	0,42	29,3
Chipre	9250	896005	0,20	96,9	Lituania	65200	2795680	0,63	42,9
Croacia	56542	4036355	0,90	71,4	Luxemburgo	2586	634730	0,14	245,4
Dinamarca	43094	5840045	1,31	135,5	Malta	316	516100	0,12	1633,2
Eslovaquia	48845	5459781	1,22	111,8	Países Baixos	41526	17475415	3,91	420,8
Eslovenia	20273	2108977	0,47	104,0	Polonia	312685	37840001	8,47	121,0
España	505370	47394223	10,60	93,8	Portugal	92391	10298252	2,30	111,5
Estonia	45226	1330068	0,30	29,4	Romanía	237500	19186201	4,29	80,8
Finlandia	338145	5533793	1,24	16,4	Suecia	449964	10379295	2,32	23,1
Francia	547030	67439599	15,09	123,3	República Checa	78866	10701777	2,39	135,7



As provincias con **densidades máis altas** son aquelas que desenvolveron actividades máis dinámicas e atraeron poboación nacional ou estranxeira. As provincias con **densidades máis baixas** son aquelas onde tiveron maior peso as actividades agrarias, as industrias tradicionais e os servizos menos avanzados. Este feito provocou no pasado fortes correntes migratorias cara ás áreas de economía máis dinámica.

Utilizar imaxes Roda lóxica

5 As seguintes imaxes son de Tabernes de Valldigna (Valencia) (A) e de Madrid (B). Que factores explican a distribución da poboación en ambos os dous casos?



2 O movement natural en Europa e en España

2.1 O movement natural europeo

Europa presenta unha **evolución demográfica** propia dos **países desenvolvidos**. Así, na actualidade encóntrase no réxime demográfico moderno, caracterizado por baixas taxas de natalidade e de mortalidade, e un crecemento natural reducido ou negativo. Non obstante, existen **diferenzas entre países** na cronoloxía do proceso e na situación actual.


- **Cronoloxía do proceso.** O comezo da transición situouse a mediados do século XVIII en Francia, Inglaterra e Escandinavia, mentres que no resto de países se atrasou ata finais do XIX ou principios do XX. O **final da transición** ocorreu na década de 1950 nos países occidentais, na de 1970 nos mediterráneos e na de 1990 nos de Europa central e oriental. Estas diferenzas explícanse polo distinto grao de desenvolvemento económico.
- **Na actualidade.** Existen **diferenzas no crecemento natural**. Así, os países nórdicos e occidentais puxeron en marcha políticas de fomento da natalidade que lles permitiron manter taxas de crecemento natural positivas. En cambio, os países mediterráneos encóntranse moi preto do crecemento negativo, e os de Europa oriental, sobre todo os antigos países comunistas, presentan un crecemento natural negativo.

2.2 O movement natural español

- O **réxime demográfico antigo** mantívose ata principios do século XX. A **natalidade** era alta, pois non existían anticonceptivos eficaces e necesitábanse os fillos para traballar no campo e manter os pais. A **mortalidade**, xeral e infantil, tamén era elevada, debido á mala alimentación e ao atraso da medicina e da hixiene. Polo tanto, o crecemento natural era baixo.
- A **transición demográfica** tivo lugar entre 1900 e 1975. A **natalidade** descendeu lentamente e con altibaxos, polo paso progresivo cara a unha economía industrial e urbana. A **mortalidade**, en cambio, descendeu moi rapidamente pola mellora do nivel de vida e os avances médicos e sanitarios. Como resultado deste desfase existente entre natalidade e mortalidade, o **crecemento natural** da poboación foi elevado.

As taxas demográficas

Período	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade	Media de fillos por muller	Esperanza de vida	Taxa de mortalidade infantil
1950-55	21,5	11,2	1,15	63,6	72,3
1970-75	15,6	10,2	1,01	70,6	24,7
2000-05	10,1	11,6	0,67	73,8	8,4
2010-15	10,8	11,6	0,76	76,1	5,8
2020-25	10	12	0,80	77,7	4,7
2050-55	10	13,7	0,88	82,0	2,7
2095-100	10,1	11,7	0,92	87,9	1,7




AVANZA EN COMPETENCIAS

Utilizar mapas




- 1 Cita tres países europeos con taxas de natalidade e de mortalidade por encima e por debaixo do 10%. A que poden deberse estas diferenzas?
- 2 Despois de analizar os mapas de España, cita tres comunidades con taxa de natalidade, tres con taxa de mortalidade e tres con crecemento natural por enriba e por debaixo da media española. Que factores explican as taxas superiores á media? E as taxas inferiores?

A distribución espacial dos movementos naturais

Evolución histórica



Diferenzas rexionais



– O **réxime demográfico moderno** esténdese desde a crise económica de 1975 ata a actualidade.

- A **natalidade** descendeu bruscamente coa inestabilidade laboral, a incorporación das mulleres ao traballo fóra do fogar, a difusión de anticonceptivos eficaces, o atraso da maternidade e o desexo das familias de dispoñer de máis ingresos e tempo libre. O descenso tería sido aínda maior sen a inmigración recibida desde 1995, que elevou lixeiramente os nacementos ata a crise de 2008.
- A **mortalidade** sitúase en cifras baixas grazas á mellora do nivel de vida, aínda que crece lixeiramente desde 1981 debido ao envellecemento demográfico. Polo tanto, o **crecemento natural** é moi baixo.

Organizar información

3 Copia e completa este cadro sobre a evolución do movemento natural da poboación española.

Réxime demográfico	Taxa de natalidade	Taxa de mortalidade	Crecemento natural
Antigo			
Transición demográfica			
Moderno			

Os movementos migratorios en Europa

As migracións son os desprazamentos da poboación no espazo. Como sabes, poden ser interiores ou exteriores, temporais ou permanentes e obedecen a distintas causas.

En **Europa** tiveron unha grande importancia, tanto no pasado como na actualidade. E caracterizáronse pola diversa procedencia dos seus protagonistas (europeos e non europeos), e pola variedade dos destinos migratorios (dentro e fóra do continente europeo).

3.1 As migracións tradicionais ou históricas

Durante o século XIX e a primeira metade do século XX, Europa foi un continente emigratorio.

As **causas** principais foron o crecemento demográfico; a revolución agraria, que provocou exceso de poboación no campo; e a mellora dos transportes (ferrocarril e barco de vapor), que facilitou o traslado.

Nesta etapa, os movementos migratorios principais foron o éxodo rural e a emigración transoceánica.

- O **éxodo rural** tivo lugar entre o campo e as principais cidades industriais de cada país, e provocou un forte crecemento urbano.
- A **emigración transoceánica** levou a máis de 50 millóns de europeos cara aos chamados países novos de América e Oceanía, necesitados de poboación para colonizar os seus extensos territorios: Estados Unidos, Canadá, Arxentina, Chile, Brasil, Australia, Nova Zelandia, etc.

3.2 As migracións recentes

Desde a década de 1960, o desenvolvemento económico europeo freou as migracións tradicionais, tanto interiores coma exteriores. Non obstante, aumentaron as migracións entre países europeos e a inmigración de persoas estranxeiras.

As migracións dentro do continente europeo

As migracións entre países europeos débense, sobre todo, ás diferenzas de desenvolvemento económico, aínda que ás veces inflúen outras razóns: culturais, educativas, de ocio, etc.

- **Entre 1960 e 1975**, a emigración procedía de países do sur de Europa, como Portugal, Italia, Grecia e España; e dirixíase aos países occidentais máis avanzados (Francia, Alemaña, Suíza), onde realizaba as tarefas máis duras. Esta emigración finalizou coa crise económica de 1973, que provocou o retorno de moitos emigrantes aos seus países de orixe.
- **Desde 1990**, os emigrantes proceden na súa maioría de países do centro e do leste do continente, afectados polos cambios políticos na antiga URSS e pola crise de transición ao capitalismo; e diríxense tamén aos países europeos do sur.

As migracións históricas

O éxodo rural en Gran Bretaña

Evolución da poboación das principais cidades do Reino Unido na primeira metade do século XIX			
	1801	1831	1851
Londres	1088 000	1 778 000	2 491 000
Liverpool	82 000	202 000	376 000
Glasgow	77 000	202 000	345 000
Mánchester	75 000	182 000	303 000
Birmingham	71 000	144 000	233 000
Edimburgo	83 000	162 000	194 000
Leeds	53 000	123 000	172 000
Bristol	61 000	104 000	137 000
Sheffield	46 000	92 000	135 000
Bradford	13 000	44 000	104 000

Tomado de Bergeron, Furet e Koselleck: *A época das revolucións*.

A emigración a Brasil



A ilustración representa emigrantes italianos no porto esperando o barco para partir a Brasil. Esta emigración adquiriu o seu maior auge na primeira metade do século XIX.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Manexar conceptos

- 1 Recorda o que sabes e define estes termos: *migración*, *emigración*, *inmigración*, *saldo migratorio*, *migración interior* e *migración exterior*.

Se é necesario repasa novamente eses contidos.

Analizar fenómenos

- 2 Calcula, aproximadamente, cantos anos foi Europa un continente emigratorio e un continente inmigratorio? Cal foi a causa principal deste cambio de tendencia?

A taxa de migración neta, en 2020



A inmigración estranxeira cara a Europa

A inmigración estranxeira pasou por tres **etapas**:

- **Ata 1985**, a inmigración foi moderada. Procedeu sobre todo das antigas colonias europeas e dirixiuse aos países occidentais máis avanzados, como Reino Unido, Francia e Alemaña.
- **Desde 1985 ata 2008** a inmigración alcanzou un enorme volume; ampliouse a procedencia xeográfica dos inmigrantes a África, Asia e América, grazas á globalización económica e á mellora dos transportes; e dirixiuse máis aos países desenvolvidos do sur de Europa, cuxa lexislación poñía menos restricións á entrada de inmigrantes.
- **Desde 2008 ata a actualidade** a inmigración descendeu, pois coa crise económica moitos países impuxeron políticas de inmigración máis restritivas.

Os inmigrantes africanos, latinoamericanos e asiáticos achegaron a Europa man de obra barata e multiculturalidade. Pero xurdiron problemas relacionados co control da inmigración ilegal, a integración dos inmigrantes e o seu rexeitamento por certos sectores da sociedade europea.

A **taxa de migración neta** expresa o efecto das migracións sobre a poboación dunha área. Para calculala, divídese o saldo migratorio (inmigrantes menos emigrantes) entre a poboación total e o resultado multiplícase por mil. O número resultante indica en cantas persoas aumenta ou diminúe a poboación desa área como resultado da migración.

Obter información

- 3 Responde tras consultar o texto ou as ilustracións:
 - a) Que información proporcionan as ilustracións sobre as migracións en Europa?
 - b) Cales son os países cunha taxa de migración neta negativa? Cales son os dous con valores máis altos?

Os movementos migratorios en España

4.1 A emigración española

Entre o último terzo do século XIX e 1975 España foi un país emigratorio. Os emigrantes eran sobre todo mozos agricultores que abandonaron o campo a causa da mecanización das tarefas agrarias, da inseguridade dos ingresos e do baixo nivel de vida. Dirixíronse a zonas con máis oportunidades de traballo e de benestar dentro ou fóra do país.

- A **emigración interior** principal foi o éxodo rural. Tivo lugar desde as áreas agrarias do interior peninsular cara ás rexións máis desenvolvidas e industrializadas, como Cataluña, o País Vasco e Madrid, e as áreas turísticas costeiras. Orixinou o despoboamento de moitas zonas rurais e o crecemento das cidades, que tiveron que dotarse de novas vivendas, infraestruturas e servizos.
- A **emigración exterior** dirixiuse a América Latina, ata a década de 1960; e máis tarde a Europa occidental. Supuxo para España unha perda de poboación; pero tamén aliviou o paro e colaborou a mellorar a economía grazas ao diñeiro enviado polos emigrantes ás súas familias.

Na **actualidade**, os movementos migratorios son máis variados.

- As **migracións interiores** aféctanlles a persoas de distintas idades e formación; responden a motivacións laborais, residenciais, de estudo ou de ocio; e teñen como procedencia e destino o campo e as cidades.
- As **migracións exteriores** reactiváronse desde a crise de 2008; afectan, sobre todo, a mozos cualificados e parados de longa duración, e diríxense principalmente a Europa.

4.2 A inmigración de estranxeiros

Desde 1995 España converteuse nun país de inmigración. Por iso, en 2021 albergaba máis de 5,4 millóns de persoas estranxeiras. A crise económica de 2008-2013, reduciu o ritmo de inmigrantes, que desde entón volve recuperarse.

- A **orixe** destes inmigrantes é diversa. Uns proceden da Unión Europea; é o caso de moitos xubilados, que se instalan en España atraídos polo noso clima, e de persoas adultas que buscan oportunidades de traballo e de negocio. Outros proveñen de países en vías de desenvolvemento de América Latina, Asia e África; son principalmente mozos, que desempeñan traballos pouco cualificados na construción, a minería, a agricultura, a pesca, a hostalería e o servizo doméstico.
- Os **destinos** principais da inmigración son Madrid, as comunidades mediterráneas e Canarias.

A inmigración achega a España poboación; unha leve recuperación da natalidade, ao ser na súa maioría persoas novas; man de obra para traballar, e diversidade cultural. Nalgunhas ocasións trae consigo problemas, como a falta de integración dalgúns inmigrantes ou o rexeitamento de certos sectores da poboación española.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Investigar procesos

- 1 Sinala a orixe e o destino dos emigrantes en cada etapa histórica mencionada no texto.
- 2 Cales foron as principais consecuencias da emigración española? E da actual inmigración?

Utilizar mapas

- 3 Obtén respostas do mapa da emigración interior:
 - a) Que provincias recibiron inmigrantes entre 1960 e 1965?
 - b) Que provincias foron emigratorias neste período?
 - c) A que foi debido en cada caso?

Construír coñecementos relevantes

- 4 Entrevista un familiar ou unha persoa coñecida que realice un movemento migratorio. Anota cando tivo lugar, os anos e a formación da persoa, os motivos da migración e a onde a realizou. Prepara con iso un informe para expoñelo oralmente na clase.

Manexar gráficos


- 5 Observa o gráfico coa evolución histórica da emigración exterior. A continuación, redacta un texto explicando a emigración española a América Latina e a Europa. Utiliza a información proporcionada polos rótulos.

Redactar sínteses


- 6 Escribe, de forma ordenada, a información que achegan os documentos sobre a inmigración estranxeira en España.

A emigración interior


Evolución histórica




Migracións 1960-1965



Tendencias actuales




A inmigración de estranxeiros




A inmigración de estranxeiros


Evolución histórica



A emigración transoceánica



Procedencia da inmigración a España en 2021



5 O crecemento da poboación Europea e Española

5.1 A evolución europea

O **crecemento real** da poboación europea pasou por períodos de diferente intensidade e a súa evolución non foi lineal, variando dunhas rexións a outras. Ese crecemento resulta da seguinte suma:

Crecemento natural (nacementos - defuncións) + **saldo migratorio** (inmigrantes - emigrantes)

- **Ata mediados do século XVIII.** O crecemento foi lento polo baixo crecemento natural, provocado polas altas taxas de natalidade e de mortalidade.
- **Entre mediados do século XVIII e mediados do século XX.** O crecemento acelerouse e a poboación europea multiplicouse case por catro, a causa do acelerado crecemento natural ocorrido durante a transición demográfica.

O crecemento tería sido aínda maior de non se dar unha forte emigración a outros continentes que tivo lugar durante estes anos, e polas enormes perdas demográficas causadas polas dúas guerras mundiais.

- **Desde 1950.** O crecemento da poboación desacelerouse debido ao descenso da natalidade.
 - Primeiro deuse nos **países do sur** do continente, a raíz da crise de 1973.
 - Posteriormente, trasladouse aos **países do leste**, debido á caída dos réximes comunistas desde 1990.


A partir desta última data, o **crecemento demográfico** debeuse á **inmigración extraeuropea**, que se resentiu coa crise de 2008-2013 e se recupera desde entón.

5.2 A evolución española

O crecemento da poboación española seguiu unha evolución similar á europea, aínda que con certo **atraso** no inicio de cada etapa por influencia de factores históricos e económicos propios.

- **Ata 1900.** O crecemento foi baixo debido ao escaso crecemento natural propio do réxime demográfico antigo e á emigración exterior.
- **Entre 1900 e 2000.** O crecemento acelerouse grazas á redución da mortalidade, e retardouse **entre** 1980 e 2000 polo descenso da natalidade.
- **Entre 2000 e 2008.** Acelerouse de novo grazas á chegada de inmigrantes.
- **Entre 2008 e 2013** reduciuse como consecuencia do descenso da inmigración pola crise económica e recupérase desde entón.

A poboación de Europa



Poboación por continentes en 2021

África	1373
América	1027
Asia	4651
Europa	744
Oceanía	43

AVANZA EN COMPETENCIAS

Utilizar gráficos

- 1 Copia no teu caderno os gráficos da evolución da poboación en Europa e España. Diferencia as súas etapas mediante liñas verticais, e escribe os factores que explican o crecemento en cada unha delas.






Manexar dato

- 2 Cos datos da táboa realiza estas tarefas:
 - a) Calcula o peso da poboación de cada continente respecto ao total mundial.
 - b) Ordena os datos anteriores de maior a menor e exprésalos nun gráfico de barras. Cales son os continentes con valores máis altos e máis baixos? Que lugar ocupa Europa?

Evolución e diferenzas rexionais en España

Evolución da poboación española

Millóns de habitantes



Utilizar mapas

3 Consulta os mapas e realiza estas tarefas.

- Indica como evolucionou a media do crecemento da poboación española.
- Fíxate na provincia onde resides e escribe como evolucionou o seu crecemento desde 1960. Indica os factores que puideron intervir nese crecemento.

c) Elixes outra provincia con características moi distintas á túa.

Explica os motivos desas diferenzas.

Identificar cambios

- Sinala cal foi a evolución demográfica das seguintes provincias desde 1960 ata a actualidade: Cádiz, Lugo, Soria e Murcia.

A composición ou estrutura da poboación

6.1 A estrutura biolóxica

A estrutura por sexo

A estrutura por sexo **europaea** e **española** caracterízase por un predomínio de homes nas idades novas, dado que nacen máis nenos que nenas, e unha maioría de mulleres nas idades anciás, posto que a súa **esperanza de vida** é maior.

O momento de **equiparación** entre sexos presenta diferenzas debido ás migracións, xa que xeralmente emigran máis os varóns. Así, nos países máis inmigratorios, as mulleres tardan máis en igualarse numericamente cos homes que nos emigratorios.

A estrutura por idade

- **Europa.** Conta cunha **poboación envellecida**. As mozas e os mozos son poucos a causa da baixa natalidade e as persoas anciás abundan debido á alta esperanza de vida. Non obstante, existen **diferenzas entre países**. O proceso de envellecemento foi menor en Europa noroccidental, que comezou antes e adoptou medidas de fomento da natalidade, e maior nos países de Europa meridional e oriental.
- **España.** Foi un dos países europeos que sufriu con maior intensidade o proceso de envellecemento. Na actualidade, a porcentaxe de xente nova é moi reducida debido á baixa taxa de natalidade, e o de xente anciá moi alto pola elevada esperanza de vida.

6.2 A estrutura económica

A composición por actividade económica clasifica a poboación por criterios laborais. Para iso, distingue entre activos e inactivos.

- A **poboación activa**. É a que desempeña ou busca un traballo remunerado. Comprende a **poboación ocupada** ou con traballo e os **parados** e persoas que buscan o seu **primeiro emprego**. A poboación activa adóitase encadrar en tres **sectores económicos**: o **primario**, que obtén recursos naturais (agricultura, gandería, explotación forestal, pesca); o **secundario**, que transforma os recursos (industria, construción); e o **terciario**, que proporciona servizos.
- En **España**, como en Europa e noutros países desenvolvidos, a poboación ocupada nos sectores primario e secundario perdeu peso en favor do sector terciario debido á **mecanización do campo** e á **modernización da industria**. Pola súa banda, a poboación parada, que retrocedeu no período de prosperidade económica entre 1995 e 2007, sufriu un forte incremento coa crise de 2008.
- A **poboación inactiva**. É a que non realiza unha actividade profesional remunerada, como estudantes, pensionistas e persoas dedicadas ás tarefas domésticas. En **España**, a **taxa de actividade** creceu grazas á crecente incorporación das mulleres ao traballo fóra do fogar. A **taxa de paro**, pola súa banda, presenta importantes variacións, aumentando nos períodos de crise económica.



A estrutura de Europa

Homes e mulleres

2021	Varóns	Mulleres	Homes por cada 100 mulleres
Ao nacer	19 806	18 776	105,5
0-14	61 560	58 302	105,6
15-64	219 878	223 982	98,7
Más de 65	60 118	85 579	70,2
Total	361 233	386 513	93,4

Idades

Estructura por idade da poboación europea en 2021



AVANZA EN COMPETENCIAS

Obter información

- 1 Escribe a información que achen os datos gráficos e estatísticos sobre a estrutura da poboación europea por sexo e idade. A que tipo de poboación corresponde?

Manexar conceptos

- 2 Explica as diferenzas entre estas parellas de conceptos: a) Poboación activa e poboación inactiva; b) Poboación ocupada e poboación parada.


A estrutura de España

Estrutura biolóxica

Homes e mulleres, en 2021

2018	Varóns	Mulleres	Homes por cada 100 mulleres
Ao nacer	317 952	162 842	105,0
0-14	3 434 454	3 244 048	105,9
15-64	15 737 876	15 620 760	100,7
Máis de 65	4 031 561	5 275 950	76,4
Total	23 203 891	24 140 758	96,1


Mozos, adultos e anciáns en 2021



A evolución da pirámide de poboación


Forma piramidal

Poboación total de España en 1900: 18 618 086 persoas




Forma de campá

Poboación total de España en 1970: 34 040 989 persoas



Forma de urna

Poboación total de España en 2021: 47 344 649 persoas




Base ampla. Os mozos superan o 35% da poboación. **Cume estreito.** Os anciáns non alcanzan o 5%. Propia de **países subdesenvolvidos**, que posúen altas taxas de natalidade e de mortalidade.

Base moderada. Os mozos son entre o 35% e o 25% da poboación. **Cume moderado.** Os anciáns supoñen entre o 5% e o 12%. Propia de **países en vías de desenvolvemento**.

Base estreita e en retroceso. Os mozos son menos do 25%. **Cume amplo.** Os anciáns superan o 12%. Propia de **países desenvolvidos** con baixa taxa de natalidade e elevada esperanza de vida.


Estrutura económica

Sectores económicos en 1975 e 2014



Actividade e paro

Evolución do desemprego en España, 1998-2020



Utilizar gráficos



Comprobamos

3 Fíxate nas pirámides de poboación e soluciona as cuestións seguintes:

- En cal das tres pirámides é maior a poboación moza? En que se aprecia?
- Como se aprecia na pirámide actual que a poboación está envellecida?

4 Compara a poboación activa española por sectores económicos en 1975 e 2020. Como evolucionou cada sector?

5 Busca a información necesaria para contestar as seguintes cuestións:

- Como evolucionou a taxa de ocupación en España?
- E o paro?

As políticas de poboación

Os estados interveñen sobre a poboación do seu territorio a través de diversas actuacións. As máis usuais teñen que ver co excesivo crecemento, o que conduce a controlar a natalidade e a fecundidade; ou co decrecemento demográfico, que empurra a favorecer a natalidade.

No caso de Europa, a maioría dos países teñen unha fecundidade baixa e unha poboación envellecida. Isto fai que a substitución xeracional non estea asegurada. Por iso, adóptanse medidas para impulsar a natalidade e unha inmigración equilibrada que achegue poboación nova e en idade fértil; e medidas para fomentar o envellecemento activo.

No apartado «Aplica as competencias» tes a proba: Gráficos de poboación.

AVANZA EN COMPETENCIAS

Comprensión, expresión y TIC

- 1 Que políticas de natalidade se adoptan na Unión Europea?
- 2 Que diferenzas entre países observas nas políticas de natalidade aplicadas?
- 3 Obtén información en Internet sobre noticias de inmigración irregular á Unión Europea. Escribe, despois, un resumo coa información que consideres máis relevante.
- 4 Reflexiona e responde: existe algunha relación entre as políticas para fomentar a natalidade e as políticas para frear o envellecemento?
- 5 Expresa a túa opinión: é adecuado ou non o atraso da idade da xubilación?

AS POLÍTICAS DE NATALIDADE

1. Axudas ás familias


As políticas para intervir na natalidade e na fecundidade son moi diversas. Na maioría dos estados limítanse a rebaixas fiscais ou a concederlles axudas directas ás familias ou á infancia.

Prestacións por fillo a cargo en 2017					
Países	1.º fillo	2.º fillo	3.º fillo	4.º fillo	Límites
Austria	136,68	150,48	193,88	212,26	Universal
Bélxica	110,21	207,65	292,50	292,50	Universal
Bulgaria	20,60	25,35	24,40	8,25	Universal
Estonia	50,00	50,00	100,00	100,00	Universal
Finlandia	94,88	104,84	133,79	153,24	Universal
Alemaña	192,00	192,00	198,00	223,00	Universal
Hungría	39,00	43,00	51,00	51,00	Universal
Irlanda	140,00	140,00	140,00	140,00	Universal
Letonia	11,38	11,38	11,38	15,93	Universal
Luxemburgo	293,38	293,38	293,38	293,38	Universal
Malta	41,38	41,38	41,38	41,38	Universal
Eslovaquia	23,52	23,52	23,52	23,52	Universal
Suecia	108,00	123,00	183,00	287,00	Universal
Países Baixos	80,34	80,34	80,34	80,34	Universal
Reino Unido	109,00	72,00	72,00	72,00	Universal
Dinamarca	145,50	145,50	145,50	145,50	100 718 €/ano
Italia	57,82	79,50	86,73	90,34	77 670 €/ano
Francia	Sistema PAJE ¹	149,34	209,43	189,96	67 408 €/ano ²
Portugal		32,85	40,87	43,58	51 468 €/ano
Rep. Checa	22,12	22,12	22,12	22,12	16 416 €/ano
Eslovenia	42,62	48,09	53,72	53,72	13 493 €/ano
España	24,25	24,25	24,25	24,25	11 606 €/ano
Croacia	33,33	33,33	33,33	33,33	7 956 €/ano
Polonia	27,64	27,64	27,64	27,64	5 724 €/ano
Lituania	16,68	16,68	16,68	16,68	5 508 €/ano
Romanía	16,81	33,62	50,42	67,23	4 159 €/ano

¹ Sistema de acollida do fillo; ² Prestación universal a partir do primeiro fillo.
Fonte: Instituto de Política familiar (MISSOC).

2. Conciliación da vida laboral e familiar

Algúns países adoptaron tamén medidas para conciliar a vida laboral e familiar. Entre outras, a provisión de garderías públicas, unha maior flexibilidade laboral para os pais; e o fomento da igualdade entre os xéneros no coidado dos fillos e nas tarefas do fogar.




AS POLÍTICAS SOBRE AS MIGRACIÓNS

Os países que forman parte da Unión Europea teñen liberdade para decidir sobre esta cuestión, de aí a controversia actual entre os partidarios de incrementar e de reducir a inmigración estranxeira.


Non obstante, todos os países estableceron procedementos comúns para os cidadáns de terceiros países que soliciten un permiso de residencia e de traballo nun estado membro, sobre a concesión de asilo e visados, e para evitar a inmigración irregular. Ademais, a maioría adoptou medidas para favorecer a integración dos inmigrantes, evitar o rexeitamento social ou facilitar o retorno ao seu país de orixe.

Estancia ilegal. Nacionalidades (2020)




Solicitudes de asilo nalgúns países da UE, Noruega e Suíza en 2020

Total de solicitudes de asilo na Unión Europea en 2020: 471 935 persoas




Retorno efectivo. Nacionalidades (2018)




AS POLÍTICAS SOBRE ENVELLECIMIENTO

Idade de xubilación nos países da UE en 2022 (hommes)




Idade de xubilación nos países da UE en 2022 (mulleres)



Na actualidade todos os países europeos teñen unha poboación envellecida, aínda que hai diferenzas entre países motivadas polas súas diversas taxas de natalidade e de mortalidade.

O envellecemento demográfico ten algunhas repercusións negativas, pois incrementa o gasto en pensións, en sanidade e en servizos sociais para os maiores. Por iso, a maioría de países adoptaron medidas para fomentar o envellecemento activo, como o atraso na idade da xubilación ou a xubilación parcial.



7.1 Caracteres xerais, composición e distribución

A poboación total de Galicia en 2022 chegaba casi a 2,7 millóns de habitantes, representando só o 5,7% da poboación de España. Se comparamos este dato co de 1900, no que a poboación galega supoñía o 10% da poboación española, amósase que un dos trazos característicos da demografía galega é o **estancamento**.

O **envellecemento** da poboación, aumento das persoas maiores e diminución da xente nova, tamén está moi presente na nosa Comunidade Autónoma. Un 26% da poboación ten 65 anos ou máis (sendo a media estatal de 20%), e un 11% ten menos de 15 anos (sendo a media estatal de 14%).

A densidade de poboación (91 hab./km² en 2022) é moi similar á media española (93,7 hab./km²). Non obstante, este dato esconde grandes **desigualdades** en canto á súa distribución, habendo unha maior concentración dos efectivos demográficos nas áreas costeiras (eixe atlántico) fronte ás áreas do interior (eixe oriental), reunindo os corenta concellos atravesados polo **eixe da autoestrada do Atlántico** (AP-9), que enlaza cinco das sete cidades, o 50% da poboación galega.

Así mesmo, o **poboamento** en Galicia é **disperso**, xa que os 30 000 núcleos de poboación atópanse espallados por todo o territorio.

7.2 Os movementos da poboación

O movemento natural

A natalidade e a mortalidade mantivéronse ata a década de 1930 con cifras superiores á media estatal. Non obstante, a partir de entón foron reducíndose ao mesmo ritmo que no resto de España. No 2021 situábanse no 5,50 e no 12 por mil, respectivamente.


O crecemento natural reduciuse tamén considerablemente nos últimos decenios. No 2021 era de -18000.

Os movementos migratorios


- A **migración interior** tradicional máis importante foi o éxodo rural nos anos 60 do século xx, cando campesiños galegos partían cara a Castela para traballar como xornaleiros.
- En canto ás **migracións exteriores** cómpre diferenciar entre as migracións transoceánicas e a emigración cara a Europa. As primeiras tiveron lugar ata a década de 1960, sendo os destinos preferidos Arxentina, Brasil ou Cuba, e estando protagonizadas polos homes. No tocante ás migracións cara Europa, estas tiveron lugar entre os anos 1961 e 1980. Entre os destinos destacan Alemaña, Suíza, Francia, Bélxica ou Gran Bretaña, e polo número de saídas destaca a provincia de Ourense, seguida da Coruña e Pontevedra. Tras a crise económica do 2008 a emigración a outros países acentuouse, especialmente cara aos da Unión Europea.

Datos estatísticos básicos


Evolución do crecemento natural (1900-2021)




Evolución da poboación (1900-2022)



Pirámide de poboación (1991-2022)



Densidade de poboación



O Eixe Atlántico



AVANZA EN COMPETENCIAS

Argumentar sobre temas

- 1 Cales son as características da poboación galega? Por que presenta esas características?


Manexar datos

- 2 Escribe un breve comentario acerca dos datos contidos na gráfica da evolución da natalidade, mortalidade e o crecemento natural en Galicia. Antes, separa as súas etapas con liñas verticais.
- 3 Analiza os mapas superiores e contesta as preguntas: a) Cales son as áreas máis poboadas e menos poboadas? b) Que factores explican esta distribución da poboación?



APLICA

- Obtén o concepto definido nas frases seguintes:
 - Documento que rexistra de forma permanente as variacións de poboación nos termos municipais.
 - Réxime demográfico que se mantivo en España ata principios do século xx.
 - Desprazamentos da poboación no espazo.
- Escrebe un texto de dez liñas explicando as principais características da distribución da poboación española e da distribución da poboación europea.
- Tras analizar o gráfico de barras, contesta as preguntas.



- Que mide a taxa de migración neta?
 - Que períodos se diferencian na taxa de migración neta de Europa?
 - Que razóns explican o comportamento da taxa en cada un deles?
- Compara os datos das poboacións destes tres países europeos.
 - Que diferenzas aprecias nas taxas de natalidade e de mortalidade?
 - Que país cres que está máis envellecido e por que?
 - Que país estará máis envellecido nun futuro próximo e por que?

	Polonia	Noruega	Holanda
Taxa de fertilidade (nacementos por muller)	1,4	1,7	1,7
Taxa de mortalidade infantil (%)	4	2,2	3,5
Taxa de migración neta (%)	0	5	5

Fonte: <http://www.indexmundi.com>

- Elabora unha sopa de letras que conteña os nomes de dez capitais provinciais de tres comunidades autónomas.
- Debuxa nun mapa a distribución da poboación española en 2021. A continuación, redacta unha explicación.

2021	Densidade	2021	Densidade
Total	93,7	Comunitat Valenciana	217,1
Andalucía	96,6	Extremadura	25,4
Aragón	27,8	Galicia	91,1
Principado de Asturias	95,4	Comunidade de Madrid	840,9
Illas Baleares	234,8	Rexión de Murcia	134,2
Canarias	291,6	Navarra	67,4
Cantabria	111,2	País Vasco	312,1
Castela e León	25,4	Rioxa (A)	63,5
Castela-A Mancha	25,8	Ceuta	2530,8
Cataluña	237,7	Melilla	4536,8

Fonte: INE.

- Cos seguintes datos, elabora un gráfico coa evolución da poboación española entre 1900 e 2020. Separa as súas etapas mediante liñas verticais, e escribe como é o crecemento en cada unha delas..

Anos	Poboación
1900	18 616
1920	21 338
1940	26 014
1960	30 528
1980	37 527
2000	40 449
2010	47 021
2020	47 431

* Datos en miles de habitantes.

REFLEXIONA E VALORA

Nesta unidade centrarémonos no espazo humano de Europa e España. Reflexiona de xeito individual e comparte en grupo a valoración sobre as actividades implicadas.

Para iso, descarga en **anayaeducacion.es** a rúbrica correspondente.

PON A PROBA AS TÚAS COMPETENCIAS

Para comprobar as competencias sobre o espazo humano en Europa e en España, realiza a autoavaliación competencial. Poderás encontrala en **anayaeducacion.es**.